

Plan Estratéxico de Turismo de Lalín



Introdución

Importancia da planificación en turismo

Por que un Plan Estratéxico de Turismo en Lalín?

Obxectivos, misión, visión do PET de Lalín

Lalín, un destino de turismo interior

Marca de Lalín

Análise dos produtos estrela de Lalín

Propostas concretas

Conclusións

Bibliografía

Anexos

Importancia da planificación en turismo

A planificación en turismo é fundamental. Dende os anos 90 na Península Ibérica comeza a ter un grande pulo a planificación turística, vencellada á superación dos modelos esgotados de sol e praia.

O turismo é unha actividade moi transversal, e as intervencións en materia turística han de ter en conta todos os sectores de actividade económica. Ademais, a planificación turística ha de ser integral e ha de ter en conta aos diferentes axentes e actores que actúan no territorio.

Para poder realizar unha correcta xestión do territorio e dos recursos turísticos, é preciso que exista unha planificación. A planificación estratéxica é unha modalidade planificadora que se preocupa por definir liñas mestras a ter en conta á hora de orientar a toma de decisións.

Por que un Plan Estratéxico de Turismo en Lalín?

Lalín é un dos municipios galegos con maior extensión. Conta cunha grande diversidade de paisaxes naturais, dende o clima oceánico de montaña do Candán ata o oceánico case mediterráneo do Arnego. Tradicionalmente, o turismo foi un elemento económico secundario á hora de apostar polo desenvolvemento.

No eido turístico, Lalín é coñecido fundamentalmente pola Festa do Cocido, auténtica embaixadora turística da capital do Deza. Porén, é aconsellable diversificar a oferta turística de Lalín e traballar por conseguir unha imaxe turística máis diversificada, ofrecendo ao visitante non só unha gastronomía excepcional. A idea deste Plan Estratéxico é aportar ideas para apostar polo que xa funciona, complementándoo con novos turismos emerxentes. Lalín conta cunhas grandes potencialidades dende o punto de vista das paisaxes materiais e inmateriais que deben ser aproveitadas.

Lalín un destino de interior

O turismo de interior, como ben o describe o concepto, é aquel que se desenvolve en espazos próximos á costa, onde predomina o turismo de sol e praia.

Dentro do interior, non só se dá o turismo rural, tamén existen outras formas, como é o cultural, natural, gastronómico ou incluso relixioso. De feito, existe unha feira internacional do turismo de interior que se celebra anualmente en Valladolid. Unhas tipoloxías de turismo que as podemos encontrar dentro do Concello de Lalín.

Un municipio de interior, que sen dispor do produto estrela de sol e praia, imaxe principal do turismo en España si dispón de outros grandes atractivos á súa altura. Os cales hai que saber aproveitar para sacar o maior proveito posible.

Infraestructuras

-Transporte e mobilidade

-Hotalaría

-Hostelería

Recursos Turísticos

-Patrimonio Natural

-Patrimonio Cultural

Turismo en Lalín: os contextos territoriais

O Concello de Lalín está integrado en diversos organismos para a promoción e cooperación turística:

- **Terras do Deza:** son os 6 Concellos da comarca do Deza. Dispón dunha páxina con información sobre o turismo na comarca (www.turismo-galicia.es) Do mesmo xeito, editaron os mapas comarcas que hai dispoñibles na oficina de turismo, que ó mesmo tempo están dispoñibles para descargar en formato pdf. Na actualidade este GDR cambiou a súa denominación a “Terras de Pontevedra Norte” coa integración de 2 novos Concellos, A Estrada e Forcarei.
- **Rías Baixas:** é a marca para a promoción turística desenvolvida pola Deputación de Pontevedra e na que participan todos os Concellos da provincia. Na súa última campaña de promoción, “62 razóns para visitar as Rías Baixas” o Concello de Lalín elixiu a Festa do Cocido como principal recurso turístico.
- **Área Santiago de Turismo:** grupo de municipios que procuran desenvolver unha oferta complementaria ó gran atractivo do principal destino turístico galego, a cidade de Santiago de Compostela.
- **Xeodestino Deza-Tabeirós:** é a demarcación xeográfica utilizada por Turgalicia. Son os Concellos do Deza máis os 3 da comarca Tabeirós-Terra de Montes (A Estrada, Forcarei e Cerdedo)
- **Asociación Ouro Verde:** asociación para a promoción do turismo rural na comarca do Deza.

Turismo en Lalín: os contextos territoriais

Como vimos de ver, o municipio de Lalín está inserido en diferentes agrupacións de municipios e entidades supramunicipais en relación coa planificación e promoción turística.

En todos os casos, atopamos que **o municipio de Lalín forma parte de conxuntos territoriais diferentes e mesmo heteroxéneos**, o que dificulta a comprensión do marco territorial óptimo para realizar unha correcta planificación e xestión turística.

A **comarca do Deza** é dende o noso punto de vista o marco territorial máis claro onde debe enmarcarse Lalín como destino turístico de interior. Lalín, capital do Deza (como se pode ler en diversos sinais nas estradas) debería xogar a baza de converterse na capital turística e de servizos para todos os visitantes do Deza, se ben é evidente que deben crearse sinerxias entre Lalín e o resto dos municipios dezanos.

Lalín e a comarca do Deza

O territorio municipal lalinense ten suficientes atractivos de seu para converterse un **destino importante dentro do turismo de interior en Galicia**. Este plan estratéxico aposta por unha clara potenciación dos recursos propios de Lalín. Porén, hai que ser conscientes da necesidade de considerar o **ámbito comarcal**, en tanto que moitos excursionistas-visitantes-turistas non basean a súa experiencia turística nuns ríxidos límites administrativos. Dentro da comarca do Deza, Lalín conta con atractivos dun forte valor simbólico, como a Fraga de Catasós (Monumento Natural), pero non se pode esquecer que elementos como as Fervenzas do Toxa (Silleda) ou os Pendellos (Agolada) posúen tamén un forte atractivo e poden explicar por si sós a decisión de realizar turismo na comarca. É bo que Lalín faga unha planificación municipal do turismo, pero **debe aspirar a medio prazo a traballar en rede co resto da comarca do Deza**. Os visitantes atraídos pola Fervenza do Toxa ou os Pendellos de Agolada son, evidentemente, potenciais turistas con moitas posibilidades de visitar Lalín.

Transporte e mobilidade

Dende Lalín podemos desprazarnos nun tempo aproximado ós 60 minutos até varias das principais cidades galegas e puntos turísticos.


Por unha parte, a apertura da autoestrada AP-53 permitiu a redución do tempo de desprazamento a Santiago de Compostela, principal destino turístico galego a tan só 30 minutos.

A mesma autoestrada, mais no tramo entre Lalín e Ourense libre de peaxe, deu orixe a que a capital termal galega estea a tan só 30 minutos.

Lugo, coa súa muralla romana declarada Patrimonio da Humanidade está a tan só 60 minutos pola N-640, mentres que Pontevedra e as Rías Baixas conectadas polas estradas PO-534 (paso do Candán) e a N-541, a unha distancia de pouco máis dos 60 minutos.

A Ribeira Sacra, un dos principais destinos do turismo interior galego, encontrase moi preto de Lalín. Un dos núcleos de poboación referencia, Chantada, a tan só 30 minutos.

Área de influencia de 50 km



Lalín posúe unha **inmellorable localización para atraer turistas dende os principais centros urbanos de Galicia**. A área de influencia de 50 kms amosa que tres das sete cidades galegas están dentro da mesma, e ademais un importante segmento do Eixo Urbano Atlántico, como é o treito entre Santiago de Compostela e Pontevedra. **A accesibilidade a Lalín é moi boa grazas á rede de vías de alta capacidade construídas nas últimas décadas**. Esta boa accesibilidade é unha fortaleza que non debe converterse nunha febleza, xa que o grande perigo é non atraer turistas, senon excursionistas (sen pernoctacións)

Transporte público



Lalín tamén dispón de oferta en transporte público, como é o caso do **autobús** e o **ferrocarril**. No casco urbano está localizada a **estación de autobuses**, a cal dispón de cafetería, restaurante e parada de taxis. Dende aquí, son varias as frecuencias diarias ás principais cidades galegas, destacando os servizos dentro do corredor Ourense-Santiago. O ferrocarril é un medio de transporte infrautilizado en Lalín. A causas veñen dadas pola situación da estación de Botos, a 4 km de Lalín e o número de frecuencias, de tan só unha diaria por sentido. Temos que ter en conta que **na situación actual (co protagonismo do AVE e o transporte interciudades), a incidencia do transporte público no turismo de Lalín é mínimo.**

Hotalaría

O municipio de Lalín dispón dun total de 18 establecementos destinados ó aloxamento, os cales os podemos clasificar por hoteis, pensións/hostais e casas de turismo rural.

O número total de **hoteis** é de 5, situados no propio casco urbano, a excepción dun que o está no polígono Lalín 2000. De feito, este último é o que dispón da categoría máis alta en número de estrelas, 4. A totalidade de habitacións dispoñibles dos 5 é de 150. Dos 5 hoteis, 3 dispoñen de páxina web propia.


Con respecto ás **pensións** e **hostais**, hai un total de 5, mentres que o número de habitacións é de 63. Destes tan só 3 dispoñen de páxina web.

A diferenza dos municipios veciños, onde hai un número destacado de **casas de turismo rural**, **Lalín tan só dispón de 7 establecementos** que se poidan integrar dentro desta categoría.

Dentro destes 7 temos que diferenzar por unha parte o Pazo de Bendoiro, a casa de aluguer íntegro en Bermés e dúas que están na parroquia de Zobra.

Temos que nomear ademais o único **albergue** dispoñible na actualidade para os peregrinos, situado no lugar de A Laxe (Bendoiro) Tamén as instalacións do albergue “Vicente Agulló” na área recreativa de Mouriscade.

Aloxamentos turísticos: comparativa entre Concellos



Fonte: Turgalicia

Como se pode apreciar no gráfico, hai unha importante diferenza en número de **establecementos de turismo rural**. Aínda tratándose do municipio máis extenso da provincia e cuarto de Galicia, o número é inferior a municipios veciños. Isto veu dado polo primeiro **programa Leader**, no cal Lalín non participou. Este feito, é unha febleza á hora de promocionar o turismo rural en Lalín, xa que non hai aloxamentos desta categoría. Polo contrario si que hai unha oferta destacada en número de hoteis e hostais, en maior número que os Concellos veciños.

Hostalaría

Lalín, como os demais Concellos da comarca do Deza, así como en xeral de Galicia, posúe unha **tradición gastronómica destacada**, de aí un alto número de establecementos dedicados a este sector.

A datos do 2013 (aportados polo propio Concello de Lalín) eran 61 os que ofertaban comidas, dende restaurantes especializados en certos produtos a tabernas que dispoñen de comidas caseiras, tapas ou bocadillos.

Temos que ter en conta o número de establecementos que participaron na última edición do **“Mes do Cocido”**. Os cales foron 31 restaurantes localizados no municipio de Lalín, 2 en Madrid. Na maioría destes 31 restaurantes era necesario a reserva para degustar o plato estrela da gastronomía lalinense. O aforo destes é de 4510 comensais.

Recursos turísticos

Un **recurso turístico** é todo elemento natural, humano ou resultado da mesma que pode xerar un desprazamento por motivos, sendo o máis importante, o ocio.

A seguir levaremos a cabo unha análise dos principais recursos turísticos de Lalín. É dicir, aqueles máis coñecidos ou que máis destaquen polos seus valores. Sabemos da existencia dun gran número de recursos, mais **non se trata dunha simple enumeración**, senon de deternos nos fitos máis importantes.


Patrimonio Natural:

- Fraga de Catasós
- Sobreirais do Arnego
- Serra do Candán
- Carballeira de Barcia
- Zonas verdes urbanas (Paseo fluvial do Pontiñas e Parque de Rodo)
- Camiño de Santiago
- Sendeiros
- Áreas recreativas

Patrimonio Cultural:

- Material
- Civil
- Pontes
- Pazos
- Museos
- Relixioso
- Arqueolóxico
- Inmaterial

Localización do patrimonio natural



Fraga de Catasós



É unha masa forestal cuxa figura de protección é o **Monumento Natural**, co que se busca resaltar a rareza ou beleza de certos espazos naturais.

Foi declarada no ano 2000, é dicir, preto de medio século despois de que o fitopatólogo norteamericano **Flippo Gravatt en 1954 pidise á FAO a súa protección**. Tan só hai 8 espazos en Galicia coa mesma figura de protección, entre elas a praia das Catedrais.

Destaca polas súas árbores centenarias e de máis de 30 metros de altitude.

Presenta o **inconveniente da súa accesibilidade, a cal é bastante deficiente e perigosa**, ó ter que utilizaren a beiravía da N-525. Ademais da falta de sinalización para estacionar o vehículo.

Fraga de Catasós: o problema do acceso pola N-525



Como se pode ver nas dúas imaxes, **o acceso á Fraga de Catasós é bastante limitado e perigoso**. Por unha parte, as persoas deben de deixar o seu vehículo a 300 metros de distancia da entrada. Un pequeno espazo no que tan só collen aproximadamente 3 vehículos. Logo, deben de desprazarse pola beiravía da N-525, o que supón un perigo. Se se estaciona o vehículo no outro sentido, as persoas deben de cruzar a estrada, nun espazo con pouca visibilidade debido á situación, alén de que non hai un paso especial (elevado, subterráneo ou indicado como un paso de peóns)

Sobreirais do Arnego



Mirador das Piniceiras
Fonte: wikiloc.com

Espazo natural no norte de Lalín en torno ao río Arnego. O espazo protexido tamén é compartido por Vila de Cruces e Agolada.

Trátase dun gran espazo forestal de carácter atlántico mais cunha **forte influencia de especies mediterráneas**, caso das numerosas sobreiras.

A sinalización é deficiente. Só aparece a sinal indicativa do espazo protexido no Concello de Agolada. Non existe un sinal na vila de Lalín, que nos indique como chegar.

A única ruta de senderismo no espazo protexido discorre integramente polo Concello de Agolada. Recentemente foi realizada unha saída promovida por “*Roteiros de Lalín*” a cal quedará como un recurso turístico máis do Concello.

Serra do Candán



Espazo de **media montaña** (até os 1016 metros de altitude) no sur do Concello de Lalín, concretamente na parroquia de Zobra.

É aquí onde se encontra o nacemento do río Deza, ademais encóntranse as **fragas de maior extensión dentro da provincia de Pontevedra**.

Dispón dun **grande valor paisaxístico**, apesares do forte impacto dos parques eólicos, instalados nos últimos anos. O atractivo é non só paisaxístico, tamén etnográfico cun número destacado de alvarizas.

É importante sinalar a existencia dun coñecido roteiro de senderismo, promovido pola comunidade de montes de Zobra, ben sinalizada.

Neste entorno existen dous establecementos de turismo rural.

Carballeira de Barcia



Formación forestal particular na que os seus carballos están todos colocados de maneira aliñada. Boa parte destes **carballos son centenarios**.

Aínda que se encontra ó carón da estrada que une Prado con Vilatuxe e é perfectamente visible dende esta, **non hai sinalización que nos indique onde está**. Tendo que guiarnos polos sinais que indican os nomes dos diferentes núcleos de poboación.

Non existen paneis informativos sobre a súa historia nin espazo para estacionamento de vehículos.

Carballeira de Barcia: acceso



Nesta imaxe podemos comprobar a **falla de espazo para o estacionamento de vehículos na Carballeira de Barcia.**

Esta fotografía foi tomada a finais de febreiro, polo que hai unha abundancia de lama. Isto pode provocar situacións de dificultade para saír co vehículo privado.

Non falamos de grandes superficies asfaltadas, se non de **acondicionar un pequeno espazo para o estacionamento duns automóbiles.**

Zonas verdes urbanas

Estes son os diferentes espazos verdes que nos podemos encontrar no casco urbano de Lalín ou moi próximos, o que permite visitalos a pé.

-**Paseo fluvial do Pontiñas**, paseo que discorre dende o Auditorio de Lalín até preto do polígono Lalín 2000. Trátase dunha longa área recreativa, ó longo do río Pontiñas, que conta ademais con carril-bici e parque infantil.

-**Carballeira de Rodo**, masa forestal situada ó carón da circunvalación de Lalín. Conta cun merendeiro ademais da “*mesa parroquial*” deseñada por César Portela. Unha mesa de máis de 30 metros de lonxitude. Mostra falta de mantemento e coidado nalgúns sectores.



Camiños de Santiago

Polo Concello de Lalín pasan dous itinerarios do Camiño de Santiago. Por unha parte, o **Camiño Sanabrés, unha variante da Vía da Prata** que atravesa a Comarca do Deza de sueste a noroeste, paralela á estrada N-525. Este itinerario non atravesa a vila de Lalín. No 2015, foi percorrido por un total de 9221 peregrinos (Oficina de Acollida ó Peregrino)

Un segundo itinerario que pasa polo Concello de Lalín é o **Camiño de Inverno**. Este é unha variante do Camiño Francés que utilizaban os peregrinos nas épocas de inverno para evitar o paso polo Cebreiro. Non está recoñecido como é o caso do anterior, mais nos próximos meses será un itinerario oficial máis. O feito de non ser recoñecido, provoca que haxa unha deficiencia en canto á sinalética, aloxamentos ou outras cuestións relacionadas cos itinerarios de Santiago.

Únese o Sanabrés á altura de Laxe, na parroquia de Bendoiro. Concretamente nese punto, é onde está situado o único albergue de peregrinos que hai no Concello. No 2015 foi utilizado por 2.090 peregrinos.

O actual goberno municipal está estudando a posibilidade de **rehabilitar unha parte do antigo centro educativo “Manuel Rivero” para dispor dun albergue de peregrinos no casco urbano**.

Recentemente foi creada unha asociación para a promoción dos dous camiños que pasan pola comarca, “*Asociación de Amigos do Camiño de Santiago por Lalín Deza*”. Este colectivo levará a cabo saídas periódicas para realizar por etapas o Camiño de Inverno. Un dos obxectivos da asociación é promocionar a alternativa de desviarse por Lalín, ofertando menús especiais ou diferentes servizos.

Turismo activo

Dentro do Concello de Lalín, existen varias rutas de senderismo, mais a máis coñecida e recoñecida é o **Sendeiro Circular de Zobra (PR-G 188)**, o cal está ben sinalizado e con diferentes paneis informativos.

Nos últimos meses xurdiu a iniciativa **"Roteiros de Lalín"**, un proxecto que naceu da iniciativa do Concello de Lalín e que conta coa participación de voluntarios co obxectivo de protexer e promocionar os camiños tradicionais de Lalín e a comarca.

Non só se leva a cabo a delimitación da ruta proposta, tamén durante a súa presentación, pequenas presentacións sobre os diferentes elementos que hai en torno ó itinerario. Xa foron presentadas as de **Ponte dos Cabalos, Camiño do Inverno, dos Pazos e Taboada, Zobra e Castro**.

Do mesmo xeito, o río Deza é apropiado para a realización de deportes náuticos como é o caso do **kayak**. No pasado mes de febreiro tivo lugar na comarca a Xuntanza Galega de Augas Bravas.

Dentro da comarca do Deza existe unha forte tradición dos clubs hípicas, saídas en cabalo ou calquera actividade relacionada con estes animais. Na Finca de Mouriscade da Deputación de Pontevedra, está o Club Hípico Juan Oliveira . Tamén existen roteiros sinalizados cunha ferradura por **"Cabaleiros do Deza"**, unha asociación adicada á promoción equestre.

As altas altitudes da Serra do Candán non só propicias ó **senderismo de montaña**, tamén pode ser aproveitado para outros deportes como é o caso do parapente.

Áreas recreativas


-Mouriscade encóntrase no complexo de “Finca Mouriscade” da Deputación de Pontevedra. Isto provoca ó mesmo tempo un descoñecemento e unha falta de presenza nos sinais. O seu estado era de abandono xeral, con varios paneis de información en mal estado. Nas últimas semanas levouse a cabo unha reparación. No mesmo espazo encóntrase o albergue xuvenil “*Vicente Agulló*”.

-Xunta dos ríos (**Codeseda**), pertence ó Museo Casa do Patrón. É unha área recreativa con mesas, espazo de ocio para cativos e dous muíños.

-Praia Fluvial de Vilatuxe: é a área recreativa máis coñecida do Concello e mellor equipada xa que ademais dispón de bar, vestiarios e aparcadoiro. Non verán utilízanse unhas comportas de madeira para que aumente a altura da auga. Está ben sinalizado na estrada Lalín-Laro.



Localización de igrexas, pontes, museos e pazos



Ponte Taboada

Ponte medieval do ano 950, que serve para salvar o río Deza no límite municipal entre Lalín e Silleda.

Encóntrase nun entorno a nivel paisaxístico moi importante, no estreito val do río Deza. Un espazo utilizado para deportes acuáticos como é piragüismo e o kayak ou a pesca.

Por aquí discorre o Camiño Sanabrés.

Non aparece no mapa actual turístico do Concello de Lalín.



Ponte dos Cabalos

Ponte medieval do ano 970 que serve para salvar o río Arnego entre as parroquias de Parada (Lalín) e Gurgueiro (Agolada)

Non hai sinalización na estrada máis próxima que nos indique como chegar.

É a única en pé das que comunicaba o Deza coas terras de Ulloa.



patrimoniogalego.net

Pazo Liñares



Áreasantiago

Son numerosos os pazos ou caseríos grandes dentro do Concello de Lalín, mais tan só 3 son visitables. Son os casos de Bendoiro, un aloxamento turístico, Anzuxao, actualmente cunha explotación de queixos e Liñares. O **Pazo de Liñares** situado en Prado, é o lugar de nacemento do aviador Xoaquín Loriga. Foi adquirido polo propio Concello no ano 2002. Declarado BIC como Monumento Histórico no 2009, logo foi rehabilitado e na actualidade segue habendo diferentes intervencións.

Non só acolle o **Museo Galego da Marioneta**, tamén o Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico. Un centro vinculado ó Museo Provincial no que se tratan e catalogan restos arqueolóxicos.

Ademais, o propio Pazo Liñares dispón diversos espazos multifuncionais. Recentemente foi editado un folleto turístico propio do Pazo.

Museo Ramón María Aller Ulloa



Está localizado no casco urbano. A súa entrada é gratuita.

Dispón dun **observatorio astronómico**. Non só está dedicado a Aller Ulloa, xa que esta foi a súa morada, tamén o está a outros ilustres de Lalín, Xoaquín Loriga e Pintor Laxeiro. Conta con programación de eventos culturais e acolle exposicións temporais de artes plásticas.

O horario de apertura é de luns a venres de 10 a 14 horas e de 16 a 21 horas. Os sábados só de 11 a 14h. Tamén está aberto os sábados e domingos nos que teatros ou presentacións.

A información sobre os seus horarios non aparece no novo mapa turístico, nen na páxina web do Concello.

Museo da Marioneta



La Voz de Galicia

Este museo foi inaugurado no ano 2001, logo dun convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a compañía “Viravolta títeres”. Nun principio estaba ubicado na vila de Lalín, mais a finais do 2010 pechou.

Dende decembro do 2014, encóntrase no Pazo de Liñares grazas a un novo convenio. Un feito que non está indicado na web do Concello.

Dispón de páxina web propia, <https://museodamarioneta.wordpress.com/>

Non dispón de sinalética.

A información sobre os seus horarios non aparece no novo mapa turístico e tampouco na páxina web do Concello.

Museo Etnográfico Casa do Patrón



santiagoturismo.com

Está localizado en Codeseda, Doade. Trátase dunha iniciativa privada.

É **o maior museo etnográfico de Galicia** (máis de 4000 pezas e 13 salas de exposición, alén dun castro que se está a excavar na actualidade. **O número de visitas no último ano foron sobre as 12000, cun número destacado de alumnos de centros educativos.**

Está ben sinalizado, cun número destacado de sinais repartidos polas principais estradas do Concello e comarca.

A propia fundación do museo é a encargada da Festa da Malla, que se realiza no mes de agosto.

Dispón dunha área recreativa.

Igrexa de Palio



É unha **igreja prerrománica** situada en Santa Baia de Palio, dun importante valor.

O seu estado de abandono e a falta de conservación provocou o seu mal estado, o que conlevou ó fundimento do seu teito. Non só o propio edificio, tamén o espazo colindante deste coa invasión de vexetación

Como solución temporal, cubríuse cunha cuberta metálica para protexela da choiva. Está prevista a súa **rehabilitación** nos próximos meses.

Non hai sinalización para chegar até ela, nen paneis informativos sobre a súa historia, mais aparece localizada en certos folletos turísticos (caso do de Terras do Deza)

Igrexas



Son varias as igrexas parroquiais que son do románico. Tamén destacan outras do barroco, como é o caso da de Donsión.

Non todas as igrexas destacadas de Lalín están sinalizadas. Algunhas si que o están, mais en varios casos, o sinal está mal situado, borroso ou con pouca visibilidade.

Ademais hai que ter en conta que non existen paneis informativos que nos expliquen as características básicas ou a historia de cada unha das igrexas.

Patrimonio Arqueolóxico: castros, mámoas e petroglifos

No Concello de Lalín hai un número destacado de xacementos arqueolóxicos, destacando o número de **castros** (31). Tan só se está excavando un, o de Doade. Unha iniciativa do Museo Casa do Patrón, o cal conta cunha pequena sala de interpretación e exposición sobre os castros. O castro de Bendoiro tivo unha pequena intervención logo de verse afectado polas obras da liña do TAV.

Un dos xacementos máis importantes é o **Altar do Sol en Alperiz**, declarado BIC.

Existen ademais os petroglifos de Fonte da Anella, os cales están na parroquia de Muimenta. Recentemente foron descubertos novos petroglifos moi preto dos xa catalogados, preto do Monte do Carrio.



Patrimonio Galego

Feira do Cocido

É o evento máis coñecido de Lalín.

Celébrase o domingo anterior ó de Entroido. Non só se trata dun único día, se non que durante un mes realízanse diversos eventos culturais, como na última edición na que se realizou o Cocido do Orgullo con programación e actividades durante dous días.

No 2016 realizouse a XLVIII edición. No 2010 foi declarada **Festa de Interese Nacional**.

Na actualidade espérase acadar a declaración como Festa de Interese Internacional. Dispón de páxina propia <http://feiradococido.lalin.gal/es/>



Casa do Patrón

Festa da Malla de Doade

Representación da Malla tradicional o último sábado de agosto en Codeseda. No 2016 será a súa XVII edición.

Neste evento recrease un dos traballos agrícolas tradicionais máis duros do verán.

É organizada pola Fundación de **Casa do Patrón**.

Nos últimos meses hai unha promoción para que se declare Festa de Interese Turístico Galego, ó que sería o segundo evento dentro do Concello cunha declaración de interese. (A primeira é a Feira do Cocido)

Na última edición houbo unha afluencia de visitantes entre os 2500 e 3000.



Galicia Hoxe

Feira dos Carballiños

Trátase dunha recreación dunha feita do xeito tradicional. Realízase en Vilatuxe o segundo domingo de maio.

Os participantes van vestidos de época.

Hai presenza de vellos oficios artesáns e agrícolas, así como as ferramentas e os vehículos.

A edición do 2016 será a VII.



La Voz de Galicia

Romaría do Corpiño

O Corpiño é un santuario situado na parroquia de Santa Baia de Losón.

Trátase dun santuario no que se suceden ó longo do ano numerosas peregrinacións de crentes, sendo os días máis álxidos os 23 e 24 de xuño cando se realiza a romaría.

Constitúe xunto a San Andrés de Teixido, un dos lugares galegos máis populares nas crenzas relixiosas.



Faro de Vigo

Oficina de Turismo

Lalín dispón dunha oficina de turismo, a cal foi reaberta nos últimos meses logo de estar máis dun ano pechada.

Encóntrase na rúa da Estación, concretamente enfrente da propia estación de autobuses, mais prevese o seu traslado para outro punto do casco urbano.

O horario de apertura é de luns a xoves de 11 a 14:30 h. e 16 a 20 h, mentres que de venres a domingos de 11 a 15 h. e 16:30 a 20h.

Conta con **2 persoas contratadas**.

Podemos encontrar non só información de Lalín, tamén da comarca, Rías Baixas, Ribeira Sacra ou aloxamentos e restaurantes.




Enquisas da oficina de turismo

No período entre xuño do 2010 até maio do 2012, foron recollidas 700 enquisas, as cales eran promovidas polo antigo patronato de turismo Rías Baixas. Estas contan cun **problema de fondo: a súa metodoloxía**. Hai unha gran importancia cara a información cuantitativa e moi pouca cara a cualitativa. Do mesmo xeito, non se seguiu un mesmo patrón á hora de redactar as enquisas ó longo do espazo de tempo que foron realizadas.

Das 700, case un centenar son referidas a persoas que realizaban o Camiño de Santiago, ben en solitario como en grupos. Tamén ter en conta que máis dun centenar, non foron tidas en conta xa que se trata de persoas de Lalín que procuraban un mapa, traballadores que buscaban unha rúa ou persoas que tan só querían información para enviar ós familiares. O cal non son turistas.

Hai que destacar ademais o número destacado de turistas que demandaban información tiñan familia en Lalín ou no entorno.

Información demandada na oficina de turismo



Preto dunha terceira parte das persoas que solicitaron servizos na oficina de turismo, foi para demandar información en xeral. Logo, case o 20% preguntaban sobre que ver na comarca ou na zona. Aquí están engadidos os que querían información directamente sobre diferentes puntos como as Fervenzas do Toxa ou Carboeiro. A continuación, unha cifra menor, son aqueles que buscaban especificamente cuestións relacionadas só con Lalín, ben sexa co casco urbano ou co seu rural e outros atractivos, caso da Fraga de Catasós ou O Corpiño.

Marca Lalín

-**KM 0**, é o lema principal do Concello. Fai alusión á centralidade de Lalín como centro xeográfico galego. De feito, existe unha placa semellante á da Puerta del Sol de Madrid na praza peonil do casco urbano. Trátase dun lema máis próximo ó “*marketing territorial*” que da promoción turística.

-“**Se é de Lalín, é bo**”, é o lema dunha campaña de promoción do comercio local promovida polo Concello de Lalín. Foi utilizado no último vídeo para a captación de novos habitantes ante o temor de perda de categoría, *Máis de 20000 razóns para empadronarse en Lalín* .

-“**Descubre a súa vida interior**” trátase do lema turístico do Concello. Foi establecido no 2011, substituindo ó anterior “*Mellora a túa vida interior. Ven a Lalín*”. Ademais do lema, foron establecidos varios carteis sobre os principais reclamos turísticos en diferentes puntos da vila. Do mesmo xeito, tamén se editaron posters coas mesmas utilizadas.

Placa do KM 0 en Lalín



dezarutas.wordpress.com

Cartel de *Descubre a súa vida interior* na N-525



Sinalización

Lalín, como ente administrativo, posúe competencias para establecer sinais nas diferentes estradas, mais en moitos casos esta é deficiente ou está en mal estado. A isto hai que sumarlle o feito das estradas que están xestionadas por diferentes administracións, xa que hai do Estado, Xunta, Deputación e locais. O que deriva nunha diversidade de sinais.

Alén da diversidade, moitos dos recursos turísticos non están sinalizados nas propias estradas, casos da Carballeira de Barcia, os Sobreirais do Arnego ou a Fraga de Catasós. Este último, principal recurso natural do Concello tan só está sinalizado cun gran panel na súa entrada pola N-525.

Do mesmo xeito, hai unha falta de paneis informativos nos diferentes recursos turísticos para describilo ou explicar a súa historia. Nas últimas datas, e co gallo de Roteiros de Lalín, foron instalados diferentes paneis nas diversas rutas. Uns paneis que tan só son un simple folio plastificado. Ben é certo, que se trata dun método moito máis económico que os de madeira.

Tampouco existe unha aplicación dispoñible dedicada ó turismo e que permita ó turista aportar información en tempo real sobre un recurso. Un feito que se pode potenciar cos lectores QR.

Do mesmo xeito, e relacionado coa xeolocalización, hai un número destacado de rutas producidas por usuarios na rede Wikiloc, mais ningunha oficial do Concello.

Exemplos de sinais



Sinal que se pode encontrar na parroquia de Prado, concretamente na N-525. Este é un bo exemplo de sinal debido a que é bastante visible, ademais de que conta coa cor específica e o símbolo marcada no Manual de Sinalética da Xunta.



Estes son dous exemplos do mal estado da sinalética en Lalín. Por unha parte, un sinal no que non podemos ver o que indica. Abaixo, dous sinais de diferente tipoloxía. O referente ó Pazo, non está na cor indicada.

Exemplos de sinais



Este é un panel informativo que podemos encontrar na ruta de senderismo de Zobra. Non só se trata de información que sexa facilmente elixible, sen comprincacións, tamén o seu estado e os materiais. Neste caso, a madeira, o cal é máis respetuoso coa paisaxe e o medio ambiente.



Un dos principais problemas nos paneis informativo e sinais é o seu mantemento. Co paso do tempo moitos caen, o que dá unha imaxe de descoidado.



Por outra parte, á dereita, vemos un exemplo dos elaborados por Roteiros de Lalín. Consisten nun folio plastificado. Algúns destes paneis foron retirados.

Imaxe de Lalín nas redes sociais

O Concello de Lalín non dispón de páxina web propia dedicada exclusivamente ó turismo. A promoción do turismo está na web do Concello no apartado da concellería de turismo onde ademais da información dos diferentes recursos turísticos, comidas ou como chegar, aparecen diversas novas relacionadas coa actividade da concellería.

Nas redes sociais, caso das máis coñecidas, Facebook e Twitter, non existe unha conta exclusiva para o turismo. No Facebook existe a páxina do Concello de Lalín (Concello de Lalín) onde se publican novas relacionadas sobre o goberno municipal ou actividades que se levarán a cabo. Nesta mesma rede social, tamén ten difusión sobre as súas actividades a páxina Roteiros de Lalín.

Outra maneira de levar a cabo promoción turística é mediante os vídeos. Existe un vídeo do 2014, denominado “Turismo Lalín”. De feito, é o primeiro que nos aparece no buscador de Youtube se procuramos por Lalín. É un vídeo de 4 minutos no que aparecen un pouco de todo, os pazos de Bendoiro e Liñares, o museo Aller Ulloa, gastronomía ou os espazos naturais do Candán e Catasós. Hai ademais un forte protagonismo do casco urbano, onde aparecen as bicicletas de aluguer, un feito que non hai na actualidade. Existe un vídeo do 2009, elaborado polo antigo Consorcio de Turismo Lalín KM0.

Tamén temos que destacar a pouca presenza de Lalín nunha páxina como Tripadvisor. Con tan só 7 en “*cousas que facer en Lalín*”

Turismo gastronómico

Lalín é coñecido sobre todo polo seu evento máis importante, a Feira do Cocido. O cal serve para a promoción dos diferentes produtos gastronómicos que se producen no Concello. Os cales atesoran unha gran calidade. O que supón unha fortaleza á hora de promocionar turísticamente un destino.

Uns produtos de calidade que se dan nun rural caracterizado polas paisaxes de calidade que hai dentro do espazo municipal.

Non se trata só dos alimentos relacionados directamente co cocido, tamén outros son coñecidos como é o caso do pan de Lalín ou o mel que se produce na Serra do Candán.

Tamén destacar a produción de cogumelos, tanto na comarca como no propio Concello de Lalín. Durante a época destes, son decenas as persoas que se dedican á procura destes manxares. Do mesmo xeito, hai obradoiros e saídas didácticas.

Sobre as propostas, non pode quedarse só nunha mera promoción da gastronomía de calidade en relación coa paisaxe. Ten que haber ademais unha serie de actividades relacionadas coa produción dos alimentos.

Sendo Lalín, un dos Concellos con maior tradición na gandería, sería convinte preparar visitas guiadas a diferentes granxas. Á oficina de turismo chegaron persoas que querían ver expresamente vacas e granxas.

Paisaxe

A diversidade do relevo en Lalín, como é o caso da Serra do Candán, os vales fluviais estreitos dos ríos Deza e Asneiro ou o entorno dos Sobreirais do Arnego, alén doutros espazos intermedios converten ó Concello de Lalín nun caso único a nivel galego. Dentro de Lalín podemos diferenzar 3 unidades paisaxísticas, o Alto Deza, o Val do Asneiro e a Bacía do Arnego (Freire Boado, López Bedoya e Pazos Otón, 2002)


Unha diversidade que tamén se ve na comarca do Deza, onde presenciamos moi ben a diversidade de paisaxes, dende Cira e Gres a tan só 50 metros de altitude e dentro do espazo baixo denominación de orixe Rías Baixas até o Monte Faro en Rodeiro cos 1181 metros de altitude. De feito, o Deza é a primeira e única comarca paisaxística de Galicia en contar cun catálogo da paisaxe.

Do mesmo xeito, en Lalín existe o Museo da Paisaxe. Na actualidade trátase dunha ruta de senderismo que comeza en Mouriscade, segue por Doade e remata en Zobra. O obxectivo deste museo é axudar e comprender o desenvolvemento e as modificacións que se van producindo na nosa paisaxe, alén da explicación dos diferentes elementos que compoñen a paisaxe. Durante o itinerario son varios os paneis informativos que nos explican o que vemos. Aínda que algúns están en mal estado.

A difusión e información deste produto na páxina web é mínima e non está no apartado de Lalín Turismo, se non, no de cultura, cunha breve descripción do que se trata. Non hai explicación de como chegar ou do que se trata na realidade, dunha ruta de senderismo didáctica.

Con respecto ó Museo da Paisaxe, vemos necesaria a súa reconversión nun Ecomuseo como explicaremos no capítulo de propostas.

As 3 unidades paisaxísticas de Lalín



Paisaxe (dende o Pazo de Bendoiro)



Esta imaxe corresponde á unidade paisaxística do Val do Arnego. Esta unidade corresponde co sector central do Concello, un espazo intermedio entre a Serra do Candán e a Bacía do Arnego.

Trátase dunha paisaxe que podemos encontrarnos nos arredores do casco urbano de Lalín, que se caracteriza polas formas suaves e a variedade da súa gama cromática, que se reproduce nunha variedade de usos de solo marcados pola intesidade da acción antrópica.

A fotografía foi realizada nas proximidades do Pazo de Bendoiro, por onde pasa a Vía da Prata.

Paisaxe (Zobra)



O Alto Deza, é así como se denominada á unidade paisaxística que se localiza no sur do Concello. É un sector caracterizado polo relevo abrupto da Serra do Candán e os Montes de Testeiro.

Podemos encontrarnos con grandes fragas ó longo dos diferentes regatos. Ademais de extensións de matogueiras, que cambian de cor segundo a estación do ano, ofrecendo imaxes de grande atractivo estético.

Paisaxe (Bacía do Arnego)



A Bacía do Arnego é a terceira unidade paisaxística que podemos diferenciar dentro do Concello de Lalín. Localízase en torno ó val que forma o propio río Arnego, límite natural co Concello de Agolada.

Esta unidade paisaxística está caracterizada pola súa cuberta vexetal, que reflexa a súa historia. Nos últimos anos hai un avance da masa forestal debido ó abandono dos pastos e a gandería. Do mesmo xeito, o enorme contraste entre as superficies chans e as fortes pendentes canto máis nos aproximamos ó río Arnego.

Panel informativo do Museo da Paisaxe



Nesta imaxe podemos ver dous paneis informativos. Por unha parte, á esquerda, sobre a ruta de senderismo de Zobra mentres que á dereita corresponde ó Museo da Paisaxe.

O estado de moitos paneis informativos é moi semellante ó da imaxe, caídos, sen cor ou afectados por actos vandálicos. De aí que é necesario un mantemento continuo destes paneis.

Arquitectura de vangarda



A actual casa consistorial de Lalín foi inaugurada en 2013. Está ó carón da N-525 e moi preto do paseo fluvial do Pontiñas e o Lalín Arena.

Foi deseñado por dous arquitectos, Luis Moreno Mansilla e Emilio Tuñón Álvarez. Os cales recibiron no 2007, o premio de Arquitectura Contemporánea da Unión Europea ou Mies Van der Rohe, o máis importante desta tipoloxía.

Na cidade de Santiago de Compostela existe unha ruta da arquitectura contemporánea ou de autor. Exemplos coñecidos son a Cidade da Cultura, o CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea) ou a biblioteca pública Ánxel Casal. O edificio consistorial de Lalín podería ser un complemento máis desta lista ó encontrarse moi preto da capital galega.

Castro Deza




É unha sala de interpretación dos castros situada no propio edificio do Concello de Lalín, concretamente no espazo central ó aire libre do edificio.

Aínda que o espazo sexa propiedade do Concello, esta sala está xestionada pola propia Deputación de Pontevedra. Actualmente está en concurso e trámite a externalización da súa xestión para unha empresa privada.

Trátanse temas como a paisaxe, territorio, gastronomía ou os propios castros, de maneira didáctica con proxeccións e paneis informativos.





**PROPOSTAS ESTRATÉXICAS
CONCRETAS (IDEAS)
PARA O TURISMO EN LALÍN**

IDEA Nº1

Superar unha concepción unicamente local dos recursos turísticos

A pesar de que este documento é un Plano Estratéxico de ámbito municipal, non podemos esquecer a inserción de Lalín na súa comarca, o **Deza**. É unha das comarcas de maior personalidade de Galicia e a única polo momento que ten un catálogo da paisaxe realizado.

O turista que se despraza a Lalín non entende de límites administrativos, e terá disponibilidad e vontade para visitar puntos de interese que non sempre teñen que estar encadrados dentro do termo municipal de Lalín. É necesario traballar cos outros Concellos do Deza, porque os recursos do Deza farán aumentar a estadia, e poden actuar como elemento de atracción (cebo), que xenere máis visitas. Segundo todos os autores, ps produtos estrelas do turismo no Deza son as **Fervenzas do Toxa**, o **Mosteiro de Carboeiro** e os **Pendellos de Agolada**.

É fundamental a **coordenación co destino turístico Santiago de Compostela**. Compostela é o principal foco turístico de Galicia e está situada a media hora de Lalín, cunha accesibilidade excelente a través da **AP-53**. Non se trata de competir, senon todo o contrario: de complementarse. É necesario comprender que hai que chegar a unha relación *win-win*, que se pode canalizar a través de **Área Santiago**, unha agrupación turística de municipios situados nos contornos de Compostela, dentro dos cales se atopa Lalín.

IDEA Nº2

Apostar por unha imaxe de marca baseada nunha paisaxe rural de calidade e produtos agroalimentarios de excelencia

Lalín ten unha reputada imaxe dun destino turístico de interior onde a **gastronomía e os produtos naturais** son unha auténtica fortaleza. Débese apostar por reforzar a imaxe de Lalín como un **espazo de excelencia agrogandeira e gastronómica**, poñendo en valor os produtos agroalimentarios e cultivando unha imaxe de marca que reforce a conexión entre o rural e a excelencia gastronómica.

IDEA Nº3

Mellorar a presenza web do turismo en Lalín e apostar decididamente pola promoción turística na web 2.0 e nas redes sociais

Sen dúbida ningunha, o sector do turismo transformouse grazas as ferramentas e posibilidades que outorgan as novas tecnoloxías. **Internet** é agora unha fonte de información moi importante, por non dicir, **a máis importante para aqueles potenciais turistas que desexan coñecer un novo espazo**. O Concello de Lalín non dispón na actualidade dunha presenza nas redes sociais para promocionar o seu territorio. Compre levar a cabo unha actuación nas principais redes sociais (*Facebook* e *Twitter* son as máis utilizadas, pero tamén salientan *Instagram*, *Pinterest* e *Vine*) para dar a coñecer Lalín. Igualmente, non se pode descoidar a correcta referenciación e **xeorreferenciación** en redes sociais como *Google Plus*, *Google Maps*, *Yelp*, *Foursquare*, *Tripadvisor* ou similares.

Os **vídeos** de promoción turística deberían de ser máis curtos e específicos sobre a temática. Non se trata de cantidade en termos de duración, senon de calidade e profundidade da mensaxe. Pódese elaborar un vídeo para os diferentes espazos naturais, un para o turismo cultural e un para o gastronómico.

IDEA Nº4

Aproveitar o pulo da Festa do Cocido e apostar por actividades complementarias no núcleo urbano de Lalín

O principal atractivo do municipio de Lalín reside no seu rural. A oferta turística do seu casco urbano límitase (a grandes rasgos) ao seu museo municipal, a sede consistorial, o futuro centro de interpretación dos castros e as súas zonas verdes urbanas. Non dispón dun casco antigo como outras vilas do interior, casos de Allariz, Ribadavia ou Mondoñedo.

De aí que **durante o Mes do Cocido é necesario realizar actividades complementarias**, como pode ser o teatro, concertos ou outras máis enfocadas para os máis cativos. Desta maneira, os visitantes poderán dispor dunha oferta complementaria. Temos que ter en conta que a maioría dos restaurantes participantes durante o Mes do Cocido están no casco urbano. **O casco urbano debe promocionarse como centro de servizos** para os turistas e excursionistas, e convertíndose nun lugar onde se ubiquen os servizos de hostelería e hospedaxe, de información coa oficina de turismo, supermercados, talleres de automóbiles ou servizos de urxencias.

IDEA Nº5

Reactivar o proxecto do Museo da Paisaxe e transformalo nun auténtico Ecomuseo das Paisaxes de Lalín

Aproveitando a diversidade e a calidade das paisaxes de Lalín, sería conveniente transformar o Museo da Paisaxe nun ecomuseo. O **ECOMUSEO DA PAISAXE DE LALÍN** non debería quedar reducido a unha ruta de senderismo entre Mouriscade e Zobra; deberíase expandir por todo o espazo municipal. Un *Ecomuseo* é un concepto introducido por Hugues de Varine en 1971. Unha das definicións máis eficaces que se utilizan foi a que propuxeron Henri Rivière e o propio Hugues de Varine para referirse ás diferenzas entre os museos tradicionais e o novo concepto de ecomuseo. **Nun ecomuseo a colección sería o patrimonio, o edificio o territorio e os visitantes a comunidade.** Do mesmo xeito, o *Natural History Committee* do ICOM tamén elaborou a súa propia definición de *ecomuseo*, “*é unha institución que xestiona, estuda e valora, -con finalidades científicas, educativas, e, en xeral, culturais- o patrimonio xeral dunha comunidade específica, incluído o ambiente natural e cultural do medio*”. Do mesmo xeito, cómpre levar a cabo unha aula de interpretación da paisaxe e o territorio na vila de Lalín, para dar a coñecer este novo produto turístico e complementar a oferta turística do casco urbano. Pensamos que sería bo **aproveitar o espazo Castro Deza** e reconvertelo nun centro de interpretación do patrimonio material e inmaterial de interese turístico.

IDEA Nº6

Informatizar a recollida de datos do perfil da demanda turística, para elaborar series temporais de datos e axudar a tomar decisións

A **realización enquisas** pode axudarnos a mellorar a toma de decisións relacionadas co turismo. É necesario establecer un sistema para recoller información relacionada co turista ou excursionista. Esta información debe de ser máis cualitativa que cuantitativa. Nun **destino turístico incipiente como Lalín**, non debe existir unha obsesión por acadar un número desproporcionado de cuestionarios.

A **información cualitativa permitirá recoller suxerencias, queixas ou ter unha aproximación do perfil turístico** (familias, natureza ou gastronómico). Coñecendo o perfil turístico poderase tomar decisións para mellorar a satisfacción dos potenciais turistas.

Do mesmo xeito, sería necesaria a coordinación cos establecementos dedicados á hospedaxe ou outras oficinas de turismo da comarca.

IDEA Nº7

Mellorar a sinalización turística en todo o municipio

Un bo destino turístico é aquel que no que os seus **principais recursos turísticos están ben sinalizados**, onde os posibles turistas ou visitantes non se perdan e poidan chegar sen problemas. De nada vale promocionar un recurso se os turistas non saben chegar ante a falta de sinais. Cómpre levar a cabo a instalación de sinais que sexan claros, os cales deberían de ser de diferentes cores dependendo da clasificación do recurso marcada pola **Xunta de Galicia, no Manual de Sinalización Turística**. Hai que ter en conta que tampouco se trata de masificar as estradas con múltiples sinais. En Lalín puidemos comprobar que existe unha deficiencia neste punto. Un bo exemplo é a **Carballeira de Barcia**, que non aparece sinalizada na estrada. O mesmo acontece coa **Fraga de Catasós** ou os **Sobreirais do Arnego** na vila de Lalín, recursos que non aparecen sinalizados na vila de Lalín.

Cómpre ademais, nun marco de cooperación entre os diferentes Concellos da comarca, unha unificación da sinalética turística. Os Concellos de Vila de Cruces e Agolada dispoñen de sinais do programa Leader e o municipio de Silleda dispón da súa propia sinalización turística.

IDEA Nº8

Traballar na accesibilidade aos principais fitos turísticos, e en especial á Fraga de Catasós, auténtico emblema da riqueza natural de Lalín

Non só se trata de levar a cabo actuacións de sinalización e indicacións para que os visitantes cheguen facilmente até o recurso turístico. Temos que ter en conta ademais a accesibilidade no propio recurso turístico. Moitos dos turistas e excursionistas chegarán no seu **vehículo privado**, polo que é clave dispor de **pequenos espazos para o estacionamento** destes. Non se trata de construír grandes espazos asfaltados nin ao carón do propio recurso, mais si establecer unha pequena zona segura. Especialmente grave é o caso da **Fraga de Catasós**, onde as persoas deben de percorrer un pequeno tramo pola beiravía da N-525 ou mesmo na Carballeira de Barcia. Ademais, temos que ter presentes o colectivo de persoas cunha mobilidade reducida.

IDEA Nº9

Apostar por Zobra como un espazo de turismo de montaña a unha distancia asequible dos principais núcleos urbanos do Eixo Urbano Atlántico

A **Dorsal Galega** conta cunhas paisaxes extraordinarias nas contornas de **Zobra**. A existencia dun relevo moi contrastado e unha vexetación autóctona ben conservada, xunto coa grande calidade ambiental, configuran un espazo de media-alta montaña **moi accesible dende o corazón do Eixo Urbano Atlántico**.

Zobra e os seus arredores (cun roteiro de sendeirismo de excelencia, xa creado e sinalizado) debe promocionarse como unha **experiencia de sendeirismo en media-alta montaña moi preto dos principais núcleos urbanos de Galicia**, grazas á boa accesibilidade de Lalín, á que xa nos temos referido.

IDEA Nº10

Desenvolver un produto de turismo científico vencellado a unha serie de lalinenses ilustres: Aller Ulloa, Loriga, o matemático de Bermés...

Lalín é cuna dunha serie de **persoeiros ilustres** con fonda tradición científica e tecnolóxica. Entre eles salientan a figura do astrónomo Ramón Aller Ulloa, o Matemático Rodríguez e o aviador Loriga.

Poderíase considerar a posibilidade de crear un **incipiente produto de turismo científico e tecnolóxico vencellado á figura destes persoeiros ilustres**. Proponse empregar para iso as instalacións do Pazo de Liñares, lugar natal do aviador Loriga.

IDEA Nº11

Transformar a oficina de turismo e convertela nun espazo en rede con outras oficinas, capaz de xestionar consultas via web nun prazo inferior ás 24 horas

As **oficinas de turismo na actualidade son un punto de encontro físico e *online*** para fornecer información en tempo real sobre as demandas e intereses turísticos dos visitantes. É imprescindible o traballo en rede con outras oficinas de turismo de Galicia, tal como plantexa na súa tese de doutoramento Nuria Sánchez (2016). Ao mesmo tempo, as oficinas de turismo deben ser quen de orientarse cara a **interactividade na relación co turista**. Dun xeito xeral, isto significa respostar en tempo real as consultas que os turistas realizan vía internet, e facelo nun tempo inferior ás 24 horas.

IDEA Nº12

Realizar foros periódicos de análise e debate cos principais actores turísticos do municipio e mesmo da comarca

A gobernanza do turismo pasa por escoitar de xeito sistemático e continuo a voz dos diferentes axentes e actores implicados no sistema turístico. É convinte comezar a realizar **foros e encontros públicos de debate abertos á cidadanía e ao sector privado**. Estes encontros ou xornadas abertas poden realizarse cunha periodicidade semestral, que estimamos máis que suficiente para presentar as principais realizacións e os retos de futuro en materia de turismo.

IDEA Nº13

Recordos e merchandising

A existencia dunha liña de produtos de merchandising coa finalidade de promoción turística ten unha dupla vertente. Por unha banda, actúa como unha **estratexia de marketing territorial e turístico**.

Por outra banda, ofrece a posibilidade ao **artesanato local** de orientar a súa actividade cara a produción de souvenirs cun forte contido territorial susceptibles de ser comercializados. A idea do célebre "porco do Cocido" pode empregarse como punto de partida, e dotala de máis profundidade diversificando os produtos obxecto de promoción e comercialización.

IDEA Nº14

Camiño de Santiago: a Vía da Prata e o Camiño de Inverno

O municipio de Lalín conta cunha localización privilexiada nunha das vías de peregrinaxe a Compostela con máis tradición: a **Vía da Prata**. De cara ao aproveitamento turístico desta rota, o principal problema é que non discorre polo núcleo urbano de Lalín, aínda que si o fai polo termo municipal.

No caso do **Camiño do Inverno**, a rota atravesa o centro de Lalín. Os esforzos que se están realizando por tecer alianzas con outros municipios da rota van na boa dirección.

É estratéxico apostar por dignificar o Camiño de Inverno e tratar de situalo en pé de igualdade con outras rotas xacobeas xa consolidadas. **Lalín debe desempeñar un claro papel de centro de servizos (restauración, aloxamento, etc) para os peregrinos do Camiño de Inverno.**